INFORME NO PERÍODO DE CONSULTAS DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PEID PARA A CREACIÓN DUN NOVO ACCESO AO CEIP DON CAMILO, NO CONCELLO DE VIGO.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental remite documentación do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) para a apertura dun viario que sirva de novo acceso ao CEIP Don Camilo, en solicitude de informe conforme ao previsto no artigo 60.4) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do artigo 144.4) do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Logo de examinar a documentación achegada, e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, emítese o seguinte INFORME:

I. ANTECEDENTES

I.1 Planeamento urbanístico vixente

O Concello de Vigo conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 29.04.1993, con publicación no DOG do 10.05.1993.

Os terreos afectados están clasificados case que na súa totalidade como solo urbanizable programado (07/08/IGREXA/ 2/B B/SUP/PP/1), actualmente coa consideración de solo urbanizable; e no resto como Solo Urbano de Núcleo (Núcleo 07/01/Igrexa/C).

I.2 Tramitación do expediente

Con data do 13.07.2021 consta solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, xunto co borrador e o documento inicial estratéxico do PEID, co núm. de expediente 2021AAE2592.

Coa mesma data sométese o expediente a consulta do órgano competente en materia de urbanismo.

II. INFORME

II.1. Obxecto do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións.

O obxecto do PEID é crear un novo acceso rodado e peonil ao CEIP Don Camilo, a través de solo clasificado como Solo urbanizable e Solo Urbano. O PEID constitúe instrumento adecuado para ese obxecto, conforme co sinalado no artigo 183.1 do RLDG.

II.2. Análise e consideracións.

- Deben achegarse no conxunto dos planos de información a escala adecuada, a maiores do sinalado na memoria, a clasificación actual dos terreos obxecto do PEID.
- Os planos de ordenación constan so da base cartográfica, sen que no PDF haxa grafía máis alá dunha liña descontinua azul. Elaboraranse os planos de ordenación adecuados para poder representar a proposta, toda vez que os planos incluídos na memoria son descritivos.
-Deben achegarse planos de ordenación que substitúan aos actuais planos vixentes do PXOM (artigo 158 RLSG).
- As lendas dos planos semellan incompletas.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: uHxxVaQ9Z1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

- A documentación do PEID non debe facerse por referencia a un documento independente do mesmo como é o Documento Ambiental Estratéxico, polo que deben incluírse naquel a totalidade dos planos precisos de acordo á entidade do PEID.

II.3. Adaptación ás Normas Técnicas de Planeamento.

1. Trátase dun planeamento suxeito á Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que se lle aplican integramente. Neste senso compre sinalar, nomeadamente:

a) Achegarase un índice xeral numerado ao comezo da memoria (art. 4.2 das NNTTPP). Asemade, debe incorporarse un índice en cada un dos documentos que compoñen o plan e con acceso ás distintas partes a través de marcadores (art. 4.3.)

b) O formato das memorias, en A4, non se axusta ao articulado das NNTTPP nin aos seus anexos.

c) Non se achegan as carpetas correspondentes ao documento dixital editable, nin a carpeta de fonte de datos, nin se achegan as pegadas dixitais (art.9).

d) Non constan na documentación os espazos previstos para as dilixencias previstas.

II.4. Tramitación do expediente

Seguirase o procedemento establecido para a aprobación dos plans especiais de acordo co artigo 75 da LSG, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital
A directoral xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Mª Encarnación Rivas Díaz

Asinado por: RIVAS DÍAZ, MARÍA ENCARNACIÓN
Cargo: Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Data e hora: 02/06/2021 12:17:51
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Pedro Díaz en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025
CVE: uHxxVaQ9Z1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve